



**Concello de Cangas**

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO REALIZADA O DÍA 27 DE XANEIRO DE 2017**

LUGAR: Sala de Plenos do Concello de Cangas

DATA: 27 de xaneiro de 2017

HORA DE COMEZO: 20:04

HORA DE REMATE: 22:48 h

ASISTENTES:

### **Grupo Municipal do PP**

Jose Enrique Sotelo Villar

Rafael Soliño Costas

María Dolores Hermelo Piñeiro

Dolores Gallego Santos

Pío Millán Blanco

Francisco Javier Soliño Soliño

Jesus Manuel Graña Graña

Alba Cordeiro Magdaleno

### **Grupo Municipal de ACE-SON**

Xose Manuel Pazos Varela

Mariano Abalo Costa

Andrés García Bastón

Tania Castro Paredes

### **Grupo Municipal do BNG**

María Mercedes Giráldez Santos

Xoan Carlos Chillón Iglesias

Heitor Mera Herbello

María Lourdes Rial Pardo

### **Grupo Municipal de ASpPUN**

Angela Vizoso Marcos

Tomás Hermelo Álvarez

Eva Rodríguez Calvar

### **Grupo Municipal do PSdeG-PSOE**

Alfredo Iglesias Santos

### **Grupo Municipal de CANGAS DECIDE**

Jose Luis Gestido Porto

### **A secretaria xeral:**

D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto

(\*\*) Incorporáanse durante o desenvolvemento da sesión.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, co seguinte:

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

## **REALIZADAS OS DÍAS 28 DE OUTUBRO E 2 E 28 DE DECEMBRO DE 2016.**

Sr. Gestido Porto: di que só ten copia de dúas actas, non ten a do 28 de decembro. Sinala que cómo é posible que na acta da sesión celebrada o 2.12.2017, á non asistíu, aparezan recollidas as preguntas que plantexou por escrito en data 23 de novembro de 2016.

Sra. Vizoso Marcos di que na acta da sesión de 28.12.2016, concretamente no 2º punto da orde do día, na votación do Plan Económico Financeiro hai un erro na votación. Considera que houbo unha confusión na transcripción dos votos posto que o grupo municipal ASPUN non se abstivo.

Votación da acta da sesión de 28.10.2016: O Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes acorda aprobar a acta da sesión anterior realizada o día 28 de outubro de 2016.

Votación da acta da sesión de 2.12.2016: O Concello Pleno, cos votos a favor dos membros presentes dos grupos municipais PP, BNG, ASPUN E PSG-PSOE e a abstención do membro do partido Cangas Decide, Sr. Gestido Porto, acorda aprobar a acta da sesión anterior realizada o día 2 de decembro de 2016.

Votación da acta da sesión de 28.12.2016: O Concello Pleno, cos votos a favor dos membros presentes dos grupos municipais PP, BNG, ASPUN E PSG-PSOE e coas abstencións dos membros dos grupos Municipal PP Sra. Cordeiro Magdaleno e do partido Cangas Decide Sr. Gestido Porto, acorda, aprobar a acta da sesión anterior realizada o día 28 de decembro de 2016.

### **2º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DESDE O 24 DE DECEMBRO DE 2016 AO 24 DE XANEIRO DE 2017**

O Concello Pleno queda informado das resolucións da Alcaldía dictadas desde o 24 de decembro de 2016 ao 24 de xaneiro de 2017.

### **3º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA ÚNICA RELATIVA Á PROPOSTA DE ALCALDÍA S/ APROBACIÓN DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS, NÚMERO 1/2017.**

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 23.01.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta da Alcaldía, do día 18.01.2017, relativa á aprobación de recoñecemento extraxudicial de crédito, número 1/2017, que é como segue:

#### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

#### **ASUNTO: RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL 1/2017**

#### **ANTECEDENTES:**

*Resultando preciso recoñecer determinadas obrigas dimanantes de gastos por servizos efectivamente realizados pero que non foron aplicadas ao orzamento do exercicio correspondente polos motivos que figuran en anexo, resulta preciso acudir ao mecanismo do recoñecemento extraxudicial de créditos a efectos de dar trámite ás distintas facturas e proceder ao recoñecemento das obrigas dimanantes a fin de evitar irrogar un prexuízo aos distintos acredores que entregaron bens ou prestaron servizos e non percibiron contraprestación.*

*Tendo en conta que o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, establece que:*

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Concello de Cangas**

*“Corresponderá ao Pleno da Entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista consignación orzamentaria...”*

*Tendo en conta que a Base de Execución 15 do orzamento en vigor establece respecto desta figura:*

*“Tramitarase expediente de RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO para a imputación ao orzamento corrente de obrigas derivadas de gastos efectuados en exercicios anteriores (...)*

*A dotación orzamentaria, de existir no orzamento inicial, e sempre que non se trate de partidas aprobadas especificamente para a tramitación de recoñecementos extraxudiciais, requerirá informe do órgano de xestión competente, no que se acredite que non se producirá perxuicio nin limitación algunha para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguinte partida orzamentaria.*

*De non existir dotación orzamentaria no orzamento inicial se requerirá a tramitación do oportuno expediente de modificación de créditos, que será previo ó acordo sobre o recoñecemento da obriga.*

*A competencia para o recoñecemento extraxudicial de crédito corresponderá ó Pleno do Concello de Cangas, sempre que non exista crédito autorizado especificamente para o mesmo.*

*De existir crédito, a competencia corresponderá a Alcaldía ou órgano en que delegue.”*

*Visto o informe emitido pola Intervención de data 18/01/2017*

**PROPOÑO:**

*1.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos número 1/2017, correspondente a gastos de exercicios anteriores que se relacionan en anexo á presente Resolución, que empeza por unha factura do Grupo de Acción Costeira, de importe 1.000,00 euros e remata por unha factura de Integal, de importe 236,52 euros, sumando o total do recoñecemento extraxudicial o importe de 156.761,13 euros, convalidando os gastos, aprobando e dispoñendo os gastos, e recoñecendo as obrigas correspondentes con imputación ás aplicacións que se determinan no citado anexo.*

*2.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e a Tesourería municipais a efectos de coñecemento e impulso da tramitación correspondente.”*

Así mesmo, dáse conta do Informe de Intervención do día 18.01.2017, que di:

**INFORME DE INTERVENCIÓN**

<b>ASUNTO</b>	FISCALIZACIÓN DE RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS. Recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2017
<b>DATA</b>	18 de xaneiro de 2017
<b>DESTINATARIO</b>	Concello PLENO
<b>REFERENCIA</b>	SCM/003/2017

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 7/85, de 2 de abril, pola que se aproba a Lei Reguladora de Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

**Concello de Cangas**



- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Publico
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aprobe o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- .
- Bases de Execución do Orzamento en vigor.

*Ao abeiro do establecido no artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, e na Base de Execución 15 do Orzamento, esta Intervención emite o seguinte INFORME:*

### **CONSIDERACIÓNS**

#### **Primeira: Existencia de crédito.**

*O principio de temporalidade dos créditos enúnciase no artigo 176 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, que establece:*

**Artículo 176.** *Temporalidad de los créditos.*

*1. Con cargo a los créditos del estado de gastos de cada presupuesto sólo podrán contraerse obligaciones derivadas de adquisiciones, obras, servicios y demás prestaciones o gastos en general que se realicen en el año natural del propio ejercicio presupuestario.*

*2. No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, se aplicarán a los créditos del presupuesto vigente, en el momento de su reconocimiento, las obligaciones siguientes:*

*a. Las que resulten de la liquidación de atrasos a favor del personal que perciba sus retribuciones con cargo a los presupuestos generales de la entidad local.*

*b. Las derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en ejercicios anteriores, previa incorporación de los créditos en el supuesto establecido en el artículo 182.3.*

*En este punto, o artigo 26 do Real decreto 500/1990, inclúe como excepción ao principio de temporalidade dos créditos, ademais dos establecidos polo texto legal, o recurso ao recoñecemento extraxudicial de créditos, mecanismo mediante o que, con cargo aos créditos do estado de gastos do orzamento en vigor, poden imputarse ao mesmo obrigas contraídas en exercicios anteriores, que no seu día non foron imputadas ao orzamento correspondente.*

*Esta é unha figura **excepcional**, por canto supón unha vulneración do principio de temporalidade dos créditos.*

*Sen embargo, a súa existencia responde, en esencia, á necesidade de **evitar o enriquecemento inxusto** da Administración actuante na medida na que o terceiro acredor, unha vez cumprida de boa fe a súa prestación, ten dereito a obter o importe da xusta contraprestación (así o sinalan numerosas sentencias dos Tribunais do Contencioso Administrativo), sen que un mal funcionamento da Administración poida perxudicar ao acredor á vez que beneficiar a quen infrinxiu a normativa.*

*Deste xeito, a través da figura do recoñecemento extraxudicial, vense a producir unha sorte de convalidación da actuación administrativa, permitindo dar cobertura orzamentaria aos gastos de que se trate.*

*Unha vez advertido o anterior, esta Intervención informa que existe crédito suficiente nas aplicacións adecuadas do orzamento para 2017 (prorrogado de 2016) para a imputación das obrigas cuxa aprobación se propón.*



Concello de Cangas

Advírtese expresamente, sen embargo, que a aprobación do presente recoñecemento extraxudicial, coa conseguínte imputación de obrigas deveñadas en exercicios anteriores ao orzamento corrente, deberá compensarse con economías no gasto, a efectos de evitar que a aplicación de gastos de exercicios anteriores ao presente derive na insuficiencia de crédito para o financiamento dos gastos propios do exercicio corrente.

Malia o anterior, dada a escasa entidade do montante do recoñecemento respecto do importe total do orzamento, non parece que se vaia producir insuficiencia manifesta de crédito para atender os diferentes gastos do exercicio, ben entendido que cómpre xerar un aforro a efectos de dar cobertura aos presentes gastos que non estaban proxectados na previsión orzamentaria..

### **Segunda: Competencia.**

Tanto o artigo 23.1.e) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de Abril, como o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, coinciden en atribuír ao Pleno da Corporación a competencia para aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos sempre que non exista dotación orzamentaria, sen que se esixa unha maioría especial para a súa aprobación. Enténdese que a referencia á dotación orzamentaria se refire a aplicacións orzamentarias especificamente habilitadas para o recoñecemento extraxudicial.

Sendo que neste caso non existen unha aplicacións orzamentarias específicas para a imputación das obrigas, interprétase que a competencia será do Pleno.

Nos mesmos termos se pronuncia a Base de Execución nº 15 do Orzamento.

### **Terceira: Consideracións**

1.- De acordo co Real Decreto Lexislativo 2/2004, a xestión dos créditos orzamentarios deberá producirse de acordo cos principios que se enuncian nos seguintes artigos, aos que habería que engadir o principio de temporalidade xa enunciado:

**Artículo 172.** Especialidad y limitación de los créditos.

1. Los créditos para gastos se destinarán exclusivamente a la finalidad específica para la cual hayan sido autorizados en el presupuesto general de la entidad local o por sus modificaciones debidamente aprobadas.

2. Los créditos autorizados tienen carácter limitativo y vinculante. (...)

**Artículo 173.** Exigibilidad de las obligaciones, prerrogativas y limitación de los compromisos de gasto.

1. Las obligaciones de pago sólo serán exigibles de la hacienda local cuando resulten de la ejecución de sus respectivos presupuestos, con los límites señalados en el artículo anterior, o de sentencia judicial firme.

(...)

5. No podrán adquirirse compromisos de gastos por cuantía superior al importe de los créditos autorizados en los estados de gastos, siendo nulos de pleno derecho los acuerdos, resoluciones y actos administrativos que infrinjan la expresada norma, sin perjuicio de las responsabilidades a que haya lugar.

(...)

Respecto das responsabilidades, o artigo 49.1 da Lei 7/1988, de funcionamento do Tribunal de Cuentas, establece que:

**“Artículo 49**

1. La jurisdicción contable conocerá de las pretensiones de responsabilidad que, desprendiéndose de las cuentas que deben rendir todos cuantos tengan a su cargo el manejo de caudales o efectos públicos, se deduzcan contra los mismos cuando, con dolo, culpa o negligencia graves, originaren menoscabo en dichos caudales o efectos a consecuencia de acciones u omisiones contrarias a las leyes reguladoras del régimen presupuestario y de contabilidad que resulte aplicable a las entidades del sector público o, en su caso, a las

---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Concello de Cangas**

*personas o entidades perceptoras de subvenciones, créditos, avales u otras ayudas procedentes de dicho sector. Sólo conocerá de las responsabilidades subsidiarias, cuando la responsabilidad directa, previamente declarada y no hecha efectiva, sea contable.”*

*Máis recentemente, a Lei 19/2013, de Transparencia y Buen Gobierno, tipifica como infracción moi grave en materia económico-presupostaria (artigo 28.c)*

*“Los compromisos de gastos, reconocimiento de obligaciones y ordenación de pagos sin crédito suficiente para realizarlos o con infracción de lo dispuesto en la Ley 47/2003, de 26 de noviembre, General Presupuestaria, o en la de Presupuestos u otra normativa presupuestaria que sea aplicable.”*

*Por último, de acordo co artigo 34 da Lei 39/2015, “Los actos administrativos que dicten las Administraciones Públicas, bien de oficio o a instancia del interesado, se producirán por el órgano competente ajustándose a los requisitos y al procedimiento establecido”, incorrendo en caso contrario en vicio de ilegalidade, que pode ser constitutivo de nulidade ou anulabilidade, de acordo co disposto no propio texto legal citado e na normativa sectorial, motivo polo resulta necesario convalidar os gastos con carácter previo ao recoñecemento das obrigas correspondentes.*

*O recoñecemento extraxudicial de créditos, ou de débeda, consiste nun acto administrativo mediante o que se admite a existencia dunha obriga fronte a terceiros derivada da previa realización dun gasto que non foi aplicado ao orzamento do exercicio en que se produce, ben por descoñecemento dos principios e normativa de execución orzamentaria, ben por infracción das distintas normativas sectoriais aplicables en función da natureza do gasto.*

*Debido a esta natureza excepcional, o recoñecemento extraxudicial supón a convalidación dos vicios de que adoececeron unha serie de gastos que non permitiron no seu día a correcta imputación orzamentaria e o válido nacemento da obriga correspondente para a Facenda Local.*

*No presente recoñecemento extraxudicial inclúense gastos correspondentes a exercicios anteriores que se imputan ao orzamento de 2017, que teñen como causa para a súa non imputación ao exercicio correspondente a presentación extemporánea das facturas que xustifican os gastos de que se trata, de xeito que non puideron ser imputadas ao exercicio en que se realizaron os gastos por falta de presentación dos xustificantes, ou ben por defecto de consignación orzamentaria, a cuxo efecto se teñen aquí por reiteradas as advertencias realizadas no presente informe*

*Cómpre, en fin, sinalar que se dan por reiterados en este punto os reparos emitidos e reiterados por esta Intervención respecto de distintos gastos de carácter reiterativo que se conteñen na relación anexa, e que fan referencia, en especial, á carencia de contratos para servizos ou subministros que, pola súa natureza e carácter reiterado, non poden ser considerados como contratos menores.*

*Por último, advírtese que a existencia de facturas sen tramitar ata o día da data, determina, ademáis de todo o anterior, o incumprimento da orde de prelación na tramitación de expedientes establecido pola Lei 30/1992, sen que se xustifique adecuadamente o motivo da alteración desta prelación. A este respecto, establece o artigo 74 do citado texto legal que :*

*“En el despacho de los expedientes se guardará el orden riguroso de incoación en asuntos de homogénea naturaleza, salvo que por el titular de la unidad administrativa se dé orden motivada en contrario, de la que quede constancia. El incumplimiento de lo dispuesto en el párrafo anterior dará lugar a la exigencia de responsabilidad disciplinaria del infractor o, en su caso, será causa de remoción del puesto de trabajo.”*

*O artigo 71 da Lei 39/2015, que substitúe o anterior, reitera esta previsión :*

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

2. En el despacho de los expedientes se guardará el orden riguroso de incoación en asuntos de homogénea naturaleza, salvo que por el titular de la unidad administrativa se dé orden motivada en contrario, de la que quede constancia.

El incumplimiento de lo dispuesto en el párrafo anterior dará lugar a la exigencia de responsabilidad disciplinaria del infractor y, en su caso, será causa de remoción del puesto de trabajo.

## CONCLUSIÓNS

A imputación de gastos correspondentes a exercicios anteriores ao orzamento en vigor mediante o recoñecemento extraxudicial de créditos é unha figura permitida polo ordenamento xurídico.

Esta é unha figura excepcional, por canto supón convalidar obrigas que en orixe, polo motivo que fose, non puideron nacer á vida xurídica de acordo, no presente caso, co establecido na normativa orzamentaria.

Os gastos que se conteñen na relación anexa, na súa maioría, son gastos reiterativos, respecto dos que esta Intervención se ven pronunciando en sucesivos informes, pronunciamentos que se dan aquí por reiterados.

Reitéranse as advertencias respecto da realización de gastos sen consignación orzamentaria.”

ANEXO:

Engádesse como anexo á acta a relación de facturas do recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2017.

DELIBERACIÓNS:

**Sr. Millán Blanco:** quere que se lle aclare a modificación da proposta inicial do recoñecemento extraxudicial de crédito que se fixo na Comisión Informativa.

**Sr. Alcalde:** explica que foi modificada tal proposta inicial ao retirarse unha das facturas inicialmente incluídas.

**Sr. Millán Blanco:** di que tal e como dixo na aprobación do Plan Económico Financeiro, o goberno tivo que traer a pleno un recoñecemento extraxudicial de crédito moito antes ademais do que eles esperaban. Cre que a maioría das facturas que figuran neste recoñecemento non responden a gastos imprevistos ou extraordinarios. Pon como exemplo a inclusión das facturas do Servizo de Axuda no Fogar. Cre que isto provoca unha bola de neve que cada vez será máis grande.

**Sr. Alcalde:** di que as facturas do SAF responden a que o servizo foi ampliado e ese incremento non estaba presupostado. Indica que non se vai incumprir co teito de gasto e lembra que se inclúen facturas da época do PP.

**Sr. Gestido Porto:** pide que se retire este punto da orde do día ata que o interventor non emita un informe de todas estas facturas. Di que se está a cometer unha ilegalidade moi grande. Lembra que na comisión informativa preguntouse por unha factura incluída no listado, relativa á compra dunha xaula de lanzamento de martelo que non está en poder do concello e tras a reaccion do interventor decidíuse retirar tal factura. Di que o listado novo non conta con informe de intervención, xa que o informe de intervención que figura no expediente refírese ao primeiro

---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Concello de Cangas**

listado e non ao listado que se trae hoxe a pleno tras a eliminación da factura indicada. Cre que hai un incumprimento da legalidade e pide un informe novo de intervención. Pide que se realice unha comisión de investigación para esclarecer o acontecido.

**Sr. Alcalde:** di que o informe de intervención é de 18 de xaneiro porque é anterior á convocatoria da comisión informativa. Sinala que efectivamente hai unha factura que foi retirada ao constatar que a xaula de lanzamento non está no concello. Indica que retirar este expediente da orde do día implica que hai unha serie de provedores que non van cobrar polos seus servizos.

Sinala que se o Sr. Gestido Porto non está de acordo pode votar en contra ou ir ao xulgado.

**Sr. Iglesias Santos:** di que mentres non se declare formalmente que hai unha ilegalidade non pode pararse este expediente por un erro, xa que as empresas teñen dereito a cobrar, polo cal se vai abster. Pide que este tipo de expedientes se tramiten con máis tempo.

**Sr. Abalo Costa:** lembra que para o concello non pagar estas facturas tamén ten consecuencias negativas.

**Sr. Hermelo Álvarez:** di que a maior parte das facturas corresponden ao servizo de axuda no fogar debido a que o número de horas de servizo foi ampliado pola Xunta no mes de agosto e o concello optou por asumir ese maior gasto para beneficiar aos usuarios do servizo. Espera que en todo caso que este expediente de recoñecemento sexa excepcional.

**Sr. Millán Blanco:** di que desde agosto se sabe que o servizo de axuda no fogar foi ampliado e ata agora non se buscou outra saída. Considera que este expediente vai condicionar o orzamento de 2017.

**Sr. Alcalde:** resposta que o goberno é quen elaborará e executará o orzamento 2017, polo que pide que permitan que o goberno se condicione así mesmo. Recoñece que sería mellor non ter que recorrer ao recoñecemento extraxudicial de crédito, pero é necesario pagar as facturas pendentes de exercizos anteriores.

**Sr. Gestido Porto:** cre que o Sr. Abalo Costa fai demagogia e non se pode permitir que se abonen facturas por un material que non foi subministrado.

**Sr. Alcalde:** aclara que na relación de facturas non hai ningunha factura por servizos ou subministrados que non fosen realizados.

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG e 3 da ASPUN).

**Votos en contra:** 1 do concelleiro do grupo municipal Cangas Decide

**Abstencións:** 9 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 do PSG-PSOE)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente de recoñecemento extraxudicial de crédito número 1/2017.

#### **4º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA ÚNICA RELATIVA Á MOCIÓN DO CONCELLEIRO DE CANGAS DECIDE S/ A SUBVENCIÓN AO PROGRAMA DE ATENCIÓN TEMPERÁ.**

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 23.01.2017.

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850





Concello de Cangas

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal Cangas Decide, do día 28.12.2016, relativa a subvención ao programa de atención temperá, que é como segue:

*“D. José Luis Gestido Porto, portavoz do Grupo Municipal de CANGAS DECIDE, presentan para seu debate no Pleno a seguinte PROPOSTA-MOCIÓN URXENTE*

*O pasado 05 de xullo do 2016, foi publicada no DOGA n° 126 unha Orde da Consellería de Política Social correspondentes as bases polas que se xenera unha concesión de subvención para prestación de servizos de atención temperá no marco da rede galega de Atención Temperá. O Concello de Cangas a través da Concellería de Servizos Sociais, o 01/08/2016 solicita unha axuda de 143.500,61 €.*

*O pasado 07 de setembro foi remitido da Xunta un requirimento de emenda para corrixir uns 17 defectos de forma na presentación de dita solicitude. Según consta no expediente foi contestado a mediados de Outono e que según consta no mesmo expediente, o informe de alegacións, tampouco foron capaces de corrixir dita solicitude, polo que o pasado 2 de decembro volven a remitir unha resolución de notificación de inadmisión da subvención.*

*É polo que presentamos para seu debate no Pleno a seguinte Proposta de Acordo:*

*1. Estudiar os pasos legais para poñer en marcha todas as xestións posibles e corrixir as anomalías indicadas na resolución de Inadmisión da subvención ao programa de Atención Temperá.*

*2. Comprométese a manter a continuidade do servizo para o ano 2017”*

#### DELIBERACIÓNS:

**Sr. Gestido Porto:** explica o contido da moción e lembra que se presentou na última sesión plenaria e se rexeitou a súa urxencia. Indica que o concello perdeu a subvención para a aula de atención temperá por erros froito dunha falta de interese do goberno.

---

Dá lectura aos puntos de acordo.

**Sr. Alcalde:** explica que a moción foi presentada por urxencia e non foi presentada en ningún momento no rexistro de entrada do concello polo que pide que no futuro as mocións sexan presentadas por rexistro para ter constancia delas.

**Sr. Hermelo Álvarez:** explica que as preguntas presentada por escrito polo Sr. Gestido Porto nesta materia lle foron respostadas por escrito tamén. Sinala que o goberno ten xa garantida a prestación deste servizo e que de feito por primeira vez se contratou as tres profesionais que prestan o servizo con garantías ao contratatalas interinamente e non como laborais temporais ata o ano 2019. Explica que a subvención perdeuse por un erro humano pero o Concello xa adoptou todas as medidas necesarias para garantir o servizo.

**Sra. Gallego Santos:** considera que a moción urxente do Sr. Gestido Porto estaba xustificada no seu momento e non a quixeron debatir. Lembra que fai un ano xa se tratou no pleno o servizo de aula temperá, un servizo polo que se loitou moitísimo igual que se loitou por adherirse á rede autonómica e todo este traballo agora se perdeu pola negligencia do actual goberno. Di que os cartos que se perderon xa non se van recuperar polo que agora haberá que pagar o servizo con cartos previstos para outros gastos.

**Sr. Iglesias Santos:** pregunta se houbo algunha vez unha subvención por esta contía e para este

---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



## Concello de Cangas

mesmo servizo. Cre que é necesaria unha explicación neste tema sobre todo para que nunca volva a pasar. Pregunta que foi o que aconteceu para perder esta subvención.

**Sr. Gestido Porto:** cre que o Sr. Hermelo Álvarez debería pedir desculpas por perder 143.000 euros que ían vir a través dunha subvención. Pide que se busquen responsabilidades para que isto non se volva a repetir. Cre que hai moitos erros de xestión.

**Sr. Hermelo Álvarez:** explica que a inadmisión da subvención non se debeu a erros no programa, senón debido a que segundo o criterio da Xunta de Galicia a solicitude de subvención era extemporánea cousa que non é certa. En agosto solicitouse pola Xunta de Goberno Local a subvención e, requeríndose pola Consellería a corrección dun erro nas contías que aparecían na solicitude acordada no mes de agosto, se adoptou un acordo de corrección de erros na sesión de 12 de setembro, a Xunta considerou que ese acordo de setembro é posterior ao prazo de solicitude da subvención e por iso a denegou, cando a realidade é que o acordo de solicitude de subvención fíxose en agosto, dentro de prazo, e o acordo de setembro foi unha mera corrección de erros. Indica que tamén se rexeitou por non aportarse a certificación de quen é o Alcalde, cando é un certificado que se remitiu en numerosas ocasións anteriores á mesma Consellería.

Di que se reuniu co persoal técnico para garantir que este erro non se volvan a cometer, pero lembra que a decisión de denegación foi unha decisión política. Indica que xa pediu desculpas publicamente e que non ten ningún problema en volver a aclarar o que sexa necesario cando chegue a resolución da Xunta de Galicia. Aclara que nunca se recibiu unha subvención similar porque foi a primeira vez que se solicitou e que o gasto xa estaba previsto con anterioridade a que se solicitase a subvención á Xunta de Galicia.

### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 10 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de Cangas Decide).

**Votos en contra:** 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG e 3 da ASPUN)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a moción transcrita anteriormente.

### **5º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA ÚNICA RELATIVA Á MOCIÓN DO CONCELEIRO DE CANGAS DECIDE S/CONSTRUCCIÓN DUN CARRIL PEONIL ENTRE A PISCINA MUNICIPAL E O PAVILLÓN DE ROMARIGO.**

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 23.01.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal Cangas Decide, presentada o día 16.01.2017, relativa á construción dun carril peonil entre a piscina municipal e o Pavillón de Romarigo, que é como segue:

*“D. José Luis Gestido Porto, portavoz do Grupo Municipal de Cangas Decide, presentan para seu debate no Pleno a seguinte Proposta-Moción:*

*Nos últimos meses, e despois de poñerse en marcha a Piscina Municipal e o aumento de usuarios nas instalacións do Estadio de Atletismo, estamos atopándonos cun incremento da circulación no tramo que vai dende Romarigo ata Verín, provocando un alto risco para os*

---

## Concello de Cangas



## Concello de Cangas

*peóns, tanto usuarios das instalacións deportivas, coma dos residentes dos lugares por onde atravesa.*

*Considerando que no mesmo vial temos outras instalacións deportivas coma o Pavillón de Romarigo o Campo de Fútbol do Morrazo.*

*E polo que presentamos para seu debate no Pleno as seguintes Propostas de Acordo:*

*1. Adaptar o vial á circulación de vehículos e peóns, construíndo un carril peonil polo seu percorrido. Incluir nos próximos orzamentos unha partida económica para súa ampliación.”*

### DELIBERACIÓNS:

**Sr. Gestido Porto:** explica o obxecto da moción.

**Sr. Soliño Soliño:** di que desde que está en funcionamento a piscina e tamén debido aos clubs deportivos coas súas diferentes actividades, hai moita afluencia de coches e xente por esa zona. Pregunta se é viable facer un carril peonil. Lembra que os coches circulan a moita velocidade e iso é un gran perigo para os peóns, pero non ve opción de facer un carril peonil, dado que xa é un vial bastante estreito, pero si cre que debería repintarse e instalar medidas de seguridade.

**Sr. Iglesias Santos:** cre que habería que estudar con tempo como facer viais que permitan a circulación de autobuses no contorno nas zonas deportivas. Cre que tal vez sexan necesarios novos accesos, pero iso será algo a medio ou longo prazo.

**Sr. Chillón Iglesias:** sinala que este tema non é a primeira vez que se pon sobre a mesa. Está de acordo en que a zona deportiva de Cangas non ten a dotación necesaria en canto a viais ou espazos de manobra para os autobuses. Cre que a moción do Sr. Gestido ten sentido como posible medida a ter en conta. Cre que é necesario repintar o vial, instalar bardos sonoros, manter a limpeza desa zona de forma rigorosa e intensificar a sinalización informativa. Di que a Policía Local elaborou un informe detallado a este respecto. A idea é que todas estas medidas cheguen ata a propia piscina. Sinala que facilitará a todos os grupos o informe da Policía Local para que fagan as aportacións que desexen todos os grupos políticos.

Presenta unha emenda á moción do Sr. Gestido Porto, que literalmente di:

*“EMENDA DO GRUPO MUNICIPAL DE GOBERNO AO PUNTO 2 DO 5º PUNTO DA ORDE DO DÍA DO PLENO*

*Incluír esta actuación como prioritaria no caso de ser aprobada a estratexia de desenvolvemento urbano sostible integrado (EDUSI), así como, paralelamente, xestionar coa veciñanza a cesión dos terreos.”*

**Sr. Gestido Porto:** acepta a emenda ao punto 2º e pide que se adopten medidas urxentes na zona deportiva.

### VOTACIÓN E ACORDO DA MOCIÓN EMENDADA:

**Votos a favor:** 13 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de Cangas Decide).

**Abstencións:** 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP.

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente coa emenda aceptada, sendo o seu texto definitivo o seguinte:



**Concello de Cangas**

1º.- Adaptar o vial á circulación de vehículos e peóns, contruindo un carril peonil polo seu percorrido.

2º.- Incluír esta actuación como prioritaria no caso de ser aprobada a estratexia de desenvolvemento urbano sostible integrado (EDUSI), así como, paralelamente, xestiona coa veciñanza a cesión dos terreos.

**6º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA ÚNICA RELATIVA Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP S/ QUE O PLAN DE CONCELLOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL-2017 SEXA APROBADO POLO PLENO DA CORPORACIÓN.**

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 23.01.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, presentada o día 16.01.2017, relativa ao plan de concellos da Deputación Provincial-2017, sexa aprobado polo pleno da corporación, que é como segue:

*“José Enrique Sotelo Villar como voceiro do PP presenta para o seu debate e aprobación se procede polo Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCION :*

*O pasado día 2 de Xaneiro publicáronse as bases do Plan Concellos para o ano 2017, recolléndose no apartado segundo. Obxecto, as liñas do Plan .1 Inversións .2 amortización e pago de débedas e gastos correntes e a liña 3 emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais .Sendo o importe total que lle corresponde a Cangas de 1.089.023,28 €*

*No apartado quinto, fala de que o prazo de presentación de solicitudes é de tres meses a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOPPO.*

*O Grupo Municipal do PP entende que non estaría de mais que aínda que non estea incluído no Manual de Transparencia que recentemente presentou o Concello, pero si para que tódolos cidadáns teñamos acceso a información dos proxectos que pretenden executar desde o goberno Municipal, e para que non se repita o sucedido no ano 2016 onde os proxectos incluídos no citado programa foron case que clandestinos, propoñemos que ditos proxectos sexan participados por tódolos grupos municipais e sen dúbida a mellor forma é que a relación a presentar na Deputación sexa previamente aprobada polo Pleno da Corporación .*

*Por todo elo efectuamos a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*O Goberno Municipal, previamente a presentación dos proxectos a incluír nas distintas liñas do Plan Concellos da Deputación Provincial para o ano 2017, traerá a relación dos mesmos á aprobación polo Pleno da Corporación admitindo suxestións dos distintos grupos municipais.”*

**DELIBERACIÓNS:**

**Sr. Soliño Costas:** expón a moción presentada.

**Sra. Giráldez Santos:** di que o goberno votará en contra, Explica que calquera decisión que adopte o equipo de goberno é de competencia do equipo de goberno, baixo criterios técnicos e en atención ás demandas e solicitudes dos colectivos. Lembra que o PP nunca informou á oposición sobre as solicitudes realizadas á Deputación nestes Plans. Indica que o ano pasado

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Concello de Cangas**

inclúuse no orzamento do 2016 todos os proxectos do Plan Concellos e algúns deles eran proxectos do goberno anterior.

**Sr. Alcalde:** di que en todo caso se aceptarán suxestións por parte dos grupos.

**Sr. Gestido Porto:** cre que se antes se facía mal iso non é excusa para seguir facendoo mal.

**Sr. Alcalde:** di que non é que se faga mal, senón que o equipo de goberno asume as súas responsabilidades e competencias, aceptando suxestións de grupos municipais e colectivos.

**Sr. Iglesias Santos:** di que efectivamente o goberno ten que asumir as súas responsabilidades, pero iso non é obice para que informe con tempo aos grupos e permitan que fagan suxestións.

**Sr. Abalo Costa:** lembra que o ano pasado o Plan Concellos tróuxose a pleno. Cre que o que non debería ser é que a Deputación tutele aos concellos para xestionar os cartos que remite o Estado, senón que debería ser o Estado quen remitira directamente eses cartos aos concellos.

**Sr. Hermelo Álvarez:** cre que a oposición en vez de moción podería ter solicitado a formación dun grupo de traballo ou comisión para traballar xuntamente nos proxectos e iso o votaría a favor o grupo ASPUN. O traelo a Pleno cre que non é a vía.

**Sr. Soliño Costas:** di que o Plan Concellos do ano pasado non se trouxo a pleno.

**Sr. Alcalde:** di que ían incluídos os proxectos no orzamento.

**Sr. Soliño Costas:** cre que hai que dar oportunidades aos veciños que participen e tamén á oposición, o cal non implica quitar competencias á Xunta de Goberno Local.

**Sra. Giráldez Santos:** di que a moción o que pide é que antes de aprobar os proxectos estes sexan traídos a Pleno para a súa aprobación.

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 9 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 de Cangas Decide)

**Votos en contra:** 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)

**Abstencións:** 1 do concelleiro de PSG-PSOE.

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

**7º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA ÚNICA RELATIVA Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP S/ A SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVIENDA, DUNHA PARADA DE BUS NA ESTRADA PO-315-ESTRADA DE ALDÁN, Á ALTURA DE PEDRA ALTA.**

#### Incidencias:

Cando son as 21:12 abandona o Salón de Sesión o Sr. Alcalde e queda na Presidencia a primeira tenente de alcalde Sra. Giráldez Santos.

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Concello de Cangas**

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 23.01.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, presentada o día 16.01.2017, relativa á solicitude á Consellería de Infraestructuras e vivenda, dunha parada de bus na estrada PO 315-estrada de Aldán, á altrua de Pedra Alta, que é como segue:

*“José Enrique Sotelo Villar, como voceiro do PP presenta para o seu debate e aprobación, se procede, polo Pleno da Corporación Municipal a seguinte Moción:*

*Desde fai tempo o bus da empresa concesionaria do transporte da liña de Bueu-Cangas pola costa ten parada na Peda Alta. Dado que hai aparcadoiro nos dous lados da vía parálizase a circulación, que se ben e certo non é por moito tempo, non deixa de ser pola pouca visibilidade e tamén pola frecuente dobre fila alí existente, un perigo para os usuarios de dito servizo.*

*Ao entender deste Grupo Municipal, a solución é ben fácil, simplemente delimitando sen aparcadoiro unha zona en ámbolas dúas marxes quedaría resolto gran parte do problema.*

*Por todo iso, e tendo en conta que estamos a falar dunha estrada de competencia autonómica, efectuamos a seguinte Proposta de Acordo:*

*O Pleno da Corporación do Concello de Cangas, insta á Consellería de Infraestructuras e vivenda a delimitar, coa colaboración dos servizos municipais, na estrada PO-315, no tramo nomeado como estrada de Aldán á altura da Pedra Alta, unha parada de bus.”*

#### **DELIBERACIÓNS:**

**Sr. Soliño Costas:** explica o contido da moción.

Pregunta se pola policía se realizou o informe do que se falou na comisión informativa.

**Sra. Giráldez Santos:** di que o informe aínda non se emitíu. Lembra que a parada de autobús xa existe, polo que debería aclararse que a moción se refire á parada xa existente. Votarán a favor.

**VOTACIÓN E ACORDO:** o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta presentada.

#### **8º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA ÚNICA RELATIVA Á MOCIÓN DO CONCELLEIRO DO BNG S/ Á IMPOSICIÓN DUNHA TAXA POLA UTILIZACIÓN OU APROVEITAMENTO DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS TITULARES DE INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS OU HIDROCARBUROS.**

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 23.01.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal BNG, presentada o día 16.01.2017, relativa á imposición dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos que é como segue:

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



## Concello de Cangas

*“Moción relativa á imposición dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos*

*O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa abordar o estudo, tramitación e aprobación dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos*

### *Exposición de motivos*

*O Tribunal Supremo ven de avalar en diversas sentenzas que os concellos graven as empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos pola utilización do dominio público local cun cálculo que excede o valor catastral dos terreos e que inclúe a súa utilidade.*

*Fronte á pretensión de anulación de diversas ordenanzas municipais que fixaron unha taxa específica con ese obxecto, emitíronse de momento cinco sentenzas que sentan doutrina dando a razón aos concellos e pechan un longo enfrontamento entre municipios e compañías, sobre todo eléctricas, que se negaban a pagar estas taxas.*

*Estes fallos, contrarios a Unión Fenosa, Gas Galicia e Red Eléctrica, e con impacto directo no resto do sector eléctrico e tamén noutros sectores que empregan o dominio público para o transporte de gas ou hidrocarburos, requiren que as ordenanzas fiscais regulen unha taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas e hidrocarburos. Ademais, tamén se validan os criterios empregados polos informes técnico-económicos onde se valora o solo ocupado como se esas liñas e canalizacións se tratasen de construcións a efectos de calcular a base impositiva da taxa.*

*A Lei Reguladora das Facendas Locais estableceu en 2004 que as empresas eléctricas, de gas, de auga e hidrocarburos están obrigadas a pagar unha taxa fixada por un informe técnico-económico por atravesar o dominio público local, aínda que non os subministren. Malia esa habilitación legal, e unha vez se aprobaron ordenanzas reguladoras para fixar esa obriga de xeito concreto, as empresas non aboaron nunca dita taxa, amosando belixerancia e conflitividade xudicial contra as entidades locais que a impulsaron, negando uns recursos lexítimos ás entidades locais necesarios para poder afortalar os servizos locais.*

*As propias sentenzas emitidas avalan o cálculo das tarifas da taxa de acordo cun estudo técnico-económico onde se empregan como criterios para obter o seu valor a suma do valor catastral do solo rústico con construcións co valor das instalacións, e a base impositiva é resultado de multiplicar ese valor do inmóble ao coeficiente de relación co mercado e a ocupación en metro cadrado que corresponde a cada metro lineal. Así, a cota a pagar sitúase entre 3.000 euros e 12.000 euros por metro lineal no caso das instalacións de transporte eléctrico, segundo o tipo de tensión -baixa, media ou alta-, e no que atinxe ás de transporte de gas, oscila entre os 500 euros e os 4.000 euros.*

*Aclárase expresamente que é legal a pretensión dos concellos de gravar a utilidade que lle reporta ás empresas de enerxía, gas ou hidrocarburos a utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo que forma parte do dominio público, con exclusión doutros usos, para unha actividade netamente industrial consistente en transportar e distribuír enerxía*

---

## Concello de Cangas



## Concello de Cangas

*eléctrica (partindo dos casos axuízados nas sentenzas) mais tamén gas ou hidrocarburos (ao estenderse a dito obxecto as ordenanzas validadas xudicialmente).*

*Unha vez resolta a controversia xudicial a prol dos concellos, compre iniciar os procesos e trámites necesarios para poder facer efectiva a taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos neste concello.*

*En base ao exposto, o Grupo Municipal do BNG de Cangas, solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte*

### ACORDO

*Iniciar os estudos e xestión necesarias para a tramitación e aprobación, a través da correspondente ordenanza fiscal reguladora, dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos nos termos das sentenzas do Tribunal Supremo que así o avalan.”*

### DELIBERACIÓNS:

**Sra. Giráldez Santos:** explica o contido da Moción. Dá lectura aos puntos de acordo.

#### Incidencias:

Cando son as 21:19 horas incorpórase ao Salón de Sesiões o Sr. Alcalde.

**Sr. Iglesias Santos:** di que bota en falta as referencias exactas ás sentenzas do Tribunal Supremo na moción. É partidario de esixir e poñer certas cancelas ás grandes empresas subministradoras polo que votará a favor de que realicen os estudos pertinentes para saber exactamente que posibilidades ten o Concello.

**Sr. Abalo Costa:** di que xa se está traballando nesta materia e indica que o primeiro problema é que non se pode copiar as taxas que cobran outros concellos, senón que é necesario un estudo técnico-económico para Cangas. Sinala que mantivo contactos para poder presupostar o custo de realizar os informes pertinentes e para saber toda a documentación que será necesaria para tramitar o expediente coma por exemplo un inventario.

**Sr. Millán Blanco:** cre que é necesario apuntar que na Lei de Facenda Locais (TRLHL) existen dúas posibles taxas a impoñer ás empresas subministradoras, unha a taxa do 1,5% que xa se puxo en marcha no 2012 que foi recorrida por Aqualia e se lle gañou e a segunda sería a indicada na moción, para empresas que subministran a través dos municipios. Indica que a través da FEMP moitos concellos están a tratar de cobrar estas taxas depois de que o Tribunal Supremo sentenciara en contra de tal cobro en algúns concellos. Está de acordo en traballar neste tema pero sendo moi rigoroso e cautelosos.

**Sr. Gestido Porto:** pregunta se se fixo algunha estimación dos cartos que obtería o concello. Considera que a taxa só sería aplicable ás liñas de alta tensión e en Cangas só hai dúas liñas.

**Sra. Giráldez Santos:** aclara que a taxa non é aplicable só ás liñas de alta tensión, senón tamén ás de media tensión.

---

## Concello de Cangas





Concello de Cangas

**Sr. Iglesias Santos:** considera importante contar coa experiencia de FEMP e tamén ter en conta aos subministrados concesionados coma a auga.

**VOTACIÓN E ACORDO:** o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta presentada.

**9º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA ÚNICA RELATIVA Á MOCIÓN DO CONCELEIRO DO PSDG-PSOE S/ A ELABORACIÓN DUN CATÁLOGO DE INMOBLES EN ESTADO DE ABANDONO E RUINOSO EN TODO O TÉRMINO MUNICIPAL E QUE CONSTITÚAN PERIGO PARA AS PERSOAS.**

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 23.01.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PSG-PSOE, presentada o día 16.01.2017, relativa a elaboración dun catálogo de inmobles en estado de abandono e ruinoso en todo o término municipal e que constitúan perigo para as persoas, que é como segue:

*“Moción que presenta o Grupo Socialista do Concello de Cangas sobre a elaboración dun catálogo de inmobles en estado de abandono e ruinoso en todo o término municipal e que constitúan perigo para as persoas.*

*Alfredo Iglesias Santos, Concelleiro-Portavoz do Partido Socialista de Galicia - PSOE no Concello de Cangas (Pontevedra), ao abeiro do disposto nos artigos 91.4 y 97.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación, esta MOCIÓN, en base á seguinte:*

*Exposición de Motivos.*

*No Término Municipal de Cangas abundan inmobles, de construción antiga e moderna, que a simple vista aparentan estado ruinoso,*

*Probablemente debido á falta de conservación ou abandono e ás incidencias meteorolóxicas, esas construcións presentan cubertas desplomadas, paredes a punto de derrubarse, tellas movidas, vigas crebadas, perpiaños a punto de caír, etc.*

*En moitas ocasións esas construcións en estado ruinoso proxectan o perigo sobre rúas e camiños veciñais e supoñen un evidente risco para a seguridade das persoas que se ven obrigadas a pasar polo seu lado.*

*Ante estas situacións de construcións en estado ruinoso cabe a acción directa do colindante afectado acudindo ao Concello a denunciar a situación ao abeiro do disposto no art. 342.3 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, para que, tras a oportuna visita dos técnicos municipais, segundo establece o art. 343 do citado Decreto, emitan o respectivo informe que lle permita ao Alcalde ou Xunta de Goberno Municipal incoar expediente de declaración de ruina. Pero tamén cabe a posibilidade aos veciños afectados polo inmovible ruinoso acudir aos Tribunais de Xustiza para formular a correspondente demanda de demolición e de derribo da obra en ruina.*

*Pero hai ocasións nas que semella que debe ser o Goberno Municipal o que inicie de oficio o expediente administrativo de declaración de ruina do inmovible e proceda á súa demolición, ou*

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



## Concello de Cangas

*ben que acuda directamente aos Tribunais, cando por exemplo o inmoble ruinoso pon en evidente risco a seguridade e a vida dos veciños que transitan polo seu lado. Un caso concreto é o que se presenta na Rúa Real de Cangas, a altura do número 7: a casa presuntamente propiedade da Parroquia ou do Arcebispado que leva anos en estado ruinoso e que amenza con derrubarse enriba dos transeúntes desta rúa tan transitada.*

*Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista solicita ao pleno da corporación a toma dos seguintes*

*Acordos:*

*1.- Que o Goberno Municipal elabore un catálogo de inmobles en estado de abandono e ruinoso que poidan poñer en perigo a seguridade de veciños ou transeúntes de todo o Término Municipal de Cangas.*

*2.- Que a Concellería de Urbanismo incoe expediente administrativo de declaración de ruina de todas aquelas construcións que están poñendo en perigo inminente a seguridade das persoas, ou, en caso de ser necesario, formule as correspondentes demandas ante os Tribunais de Xustiza.*

*3.- Que, por presentar estado ruinoso e constituír perigo certo e inminente para os viandantes, de forma urxente o Goberno Municipal incoe expediente administrativo de declaración de ruina do inmoble sito no número 7 da Rúa Real, dirixíndose ao seu presunto titular (Párroco de Cangas / Arcebispado de Santiago de Compostela). Subsidiariamente, para o caso de que os titulares non se fagan cargo da demolición, que o Goberno Municipal inste a correspondente demanda ante os Tribunais de Xustiza para proceder á súa demolición.”*

### DELIBERACIÓNS:

**Sr. Iglesias Santos:** expón o contido da moción e dá lectura aos puntos de acordo.

**Sr. Abalo Costa:** está de acordo coa moción e di que o expediente xa está en proceso de tramitación. Votarán a favor.

**Sr. Soliño Costas:** indica que no concello hai xa un catálogo de inmobles do casco vello feito no 2013, considera que estender tal catálogo a todo o Concello requirirá de medios técnicos e económicos. Non está de acordo coa apertura de expedientes sancionadores, cre que para as situacións que se describen na moción existe unha figura que é a orde de execución, que permite unha tramitación máis áxil e resolutive.

**Sr. Gestido Porto:** di que está de acordo cos dous primeiros puntos da moción, pero non co punto terceiro.

**Sr. Iglesias Santos:** aclara que na rúa Real hai unha casa que non se sabe a quen pertence e que ten gran risco de desplomarse, non se pode mater máis tempo esta situación, en caso contrario está disposto a esixir a adopción de medidas xudicialmente e lembra que o concello será responsable civil subsidiario do que aconteza.

**Sr. Alcalde:** comprométese a urxir á técnica municipal competente para que emita o informe necesario en relación ao citado inmoble.

### VOTACIÓN E ACORDO:

---

## Concello de Cangas



**Concello de Cangas**

**Votos a favor:** 20 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, 1 do PsdeG-PSOE e 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP).

**Abstención:** 1 de Cangas Decide

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

**10º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA ÚNICA RELATIVA Á MOCIÓN DO CONCELEIRO DO PSDG-PSOE S/ O CUMPRIMENTO CONTRACTUAL DA XESTIÓN DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBÁNS NO TÉRMINO MUNICIPAL DE CANGAS POR PARTE DA EMPRESA CONCESIONARIA RECOLTE, SERVICIOS Y MEDIOAMBIENTE, SAU (ANTES GSC).**

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 23.01.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PSG-PSOE, presentada o día 16.01.2017, relativa ao cumprimento contractual da xestión dos residuos sólidos urbáns no término municipal de Cangas por parte da empresa concesionaria Recolte, servicios y medioambiente, SAU (antes GSC), que é como segue:

*“Moción que presenta o Grupo Socialista do Concello de Cangas sobre o cumprimento contractual da xestión dos residuos sólidos urbáns no término municipal de Cangas por parte da empresa concesionaria Recolte, servicios y medioambiente, SAU (antes GSC).*

*Alfredo Iglesias Santos, concelleiro-portavoz do Partido Socialista de Galicia-PSOE no Concello de Cangas (Pontevedra), ao abeiro do disposto nos artigos 91.4 y 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno de la Corporación, esta Moción, en base á seguinte:*

*Exposición de Motivos.*

*O art. 2 dos Estatutos da Mancomunidade de Concellos do Morrazo recolle que ten como fin principal a Xestión dos Residuos Sólidos Urbáns da todos e cada un dos concellos que actualmente a integran: Bueu, Cangas e Moaña.*

*Segundo aprobación recente, o importe total de gastos e ingresos da Mancomunidade para 2016 ascendeu case a 3.900.000,00 €.*

*Os ingresos proceden fundamentalmente de tres capítulos: taxas e outros ingresos (uns 2.500.000,00 €, que pagan os usuarios polo servizo de recollida do lixo); transferencias correntes (uns 500.000, €), e transferencias de capital (uns 850.000,00 € que aportan directamente as arcas dos concellos de Bueu, Cangas e Moaña).*

*Nese concepto de transferencias correntes o Concello de Cangas aporta case 470.000,00 €.*

*A suma total aportada polos usuarios de Cangas e as arcas do propio Concello é o suficientemente Importante como para que analicemos se o servizo recibido está a altura do enorme esforzo económico que facemos os veciños. O Grupo Municipal Socialista, como xa fixo constar na Asemblea da Mancomunidade, entende que a Xestión dos Residuos Sólidos Urbáns é deficiente e no está á altura do que se espera nun concello en pleno S. XXI:*

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



## Concello de Cangas

*contedores espallados por todo o casco urbán de Cangas sen respectar ubicacións diante de negocios, en paseos, en beirarrúas estreitas, en rengleiras como tanquetas, que dan sensación de estarmos nun entorno de batalla; contedores en mal estado de funcionamento, fedorentos e inapropiados e perigosos para seren utilizados por persoas de baixa estatura ou de poucas forzas e por menores; contedores insuficientes en parroquias e barrios; recollidas moi espaciadas; colocación de contedores de recollida de lixo, e sobre todo de papel, excesivamente pegados a conducións de gas, etc.*

*Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista solicita ao pleno da corporación a toma dos seguintes*

Acordos:

*1.- Esixir á Xunta da Mancomunidade de Concellos do Morrazo que elabore un catálogo de deficiencias na Xestión dos Residuos Sólidos Urbáns.*

*2.- Esixir á Xunta da Mancomunidade de Concellos do Morrazo que aporte aos concellos membros o Informe de Seguemento do Cumprimento do Constrato coa empresa concesionaria RECOLTE, SERVICIOS Y MEDIOAMBIENTE, SAU.*

*3.- Subsidiariamente aos puntos anteriores, que de forma urxente o Concello de Cangas elabore o seu propio catálogo de deficiencias na Xestión dos Residuos Sólidos Urbáns no noso Término Municipal e esixa á empresa concesionaria RECOLTE, SERVICIOS Y MEDIOAMBIENTE, SAU o cumprimento pleno do contrato da concesión.”*

## DELIBERACIÓNS:

**Sr. Iglesias Santos:** explica o obxecto da moción. Considera que a prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos non está a altura do que os concellos e cidadáns están a pagar por tal servizo. Explica que son moitos os colectores rotos, son demasiado grandes e inseguros e están a dar moitos problemas, dado que ademais non están debidamente saneados.

**Sr. Gestido Porto:** di que apoiará a moción, lembra que non pleno de 3.03.2016 xa se tratou unha moción neste tema pero non se ten mellorado o servizo desde entón.

## Incidencias:

Cando son as 21:47 horas abandona o Salón de Sesiós o concelleiro Sr. Abalo Costa.

**Sra. Giráldez Santos:** di que non van apoiar a moción porque xa se fixo unha auditoria desde fai meses do servizo de Recolte por parte dunha empresa contratada pola Mancomunidade. Explica que o Concello solicitou unha axuda para elaborar un proxecto de recontenedorización á Deputación Provincial. Comprométese a dar traslado do resultado da auditoria do servizo de Recolte aos grupos municipais.

**Sr. Graña Graña:** considera que o prego de condicións que rexe o servizo é unha ruína, Lembra que tal prego foi aprobado por un goberno de esquerdas no marco da Mancomunidade fai seis anos. A realidade é que a empresa cumpre co prego, pero se trata dun prego incompleto que ten á Mancomunidade condenada ata dentro dun ano e medio. Espera que cando finalice o actual contrato se licite mellor o servizo. Vanse abster.

**Sr. iglesias Santos:** cre que o importatne e adoptar medidas e solucións canto antes. Indica que

---

## Concello de Cangas



## Concello de Cangas

na última asemblea da Mancomunidade falouse deste tema, pero o necesario é tratar de solventar os problemas e por malos que sexan os pregos, seguro que teñen resquicios que poden utilizarse para esixir que se fagan as cousas ben. Está moi ben que se fagan auditorías, pero o importante é que tales auditorías teñan como consecuencia que a empresa teña que cumprir.

**Sr. Gestido Porto:** pregunta se houbo cambio de competencias nas concellerías, xa que este tema sempre o defendeu a Sra. Castro Paredes.

**Sr. Alcalde:** di que a Sra. Giráldez Santos contestou porque é membro da Xunta de Goberno Local da Mancomunidade, non houbo cambio de competencia ningunha.

**Sr. Gestido Porto:** di que votará a favor. Pide que se actúe e se esixa á empresa que cumpra as condicións mínimas que requiren os colectores.

### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 2 (1 do concelleiro do PSG-PSOE e 1 de Cangas Decide).

**Votos en contra:** 10 (3 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)

**Abstencións:** 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP.

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

### **11º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA ÚNICA RELATIVA AO APOIO Á PROPOSTA DE SOS SANIDADE PÚBLICA DE NON APLICACIÓN DO RDL 16/2012 NO TERRITORIO GALEGO.**

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 23.01.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta de SOS Sanidade Pública de non aplicación do Rdl 16/2012, no territorio Galego, que é como segue:

*“Carmen Nores Maquieira provista de DNI n° 35.235.958-G con domicilio a efectos de notificación na rúa Méndez Núñez 49- 1º e teléfono con contacto: 655 08 22 49, en nome e representación da Comisión Xestora da Plataforma en Defensa da Sanidade Pública de Cangas, diríxome a vostede para:*

*Que, na próxima sesión plenaria, sexa presentada para a súa aprobación a seguinte Moción:  
Exposicion de motivos*

*O dereito á saúde queda recollido na Constitución española no seu artigo 43, capítulo terceiro ("Dos principios reitores da política social e económica"). A sanidade é unha das competencias que poden ser delegadas ás comunidades autónomas, e son varios os Estatutos de Autonomía que recollen o principio de universalidade do acceso á atención sanitaria.*

*O Consello de Ministros aprobou o 20 de abril de 2012 o Real decreto-lei 16/2012 de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións, polo que se puxo en andamento unha reforma estrutural do Sistema Nacional de Saúde. Con data de 4 de agosto de 2012, publicouse o Real decreto*

---

## Concello de Cangas



## Concello de Cangas

*1192/2012 que desenvolve os requisitos e condicións das figuras de persoas aseguradas e beneficiarías do Sistema Nacional de Saúde.*

*Esta disposición supuxo unha transformación profunda do noso sistema sanitario. Por unha banda, reduciu a carteira básica de servizos, reducindo a achega pública sobre medicamentos, prestacións e recursos sanitarios, co conseguinte incremento do gasto para as familias. Por outra banda, modificouse o dereito de acceso ao SNS, supeditando o mesmo á condición de "asegurado" ou "beneficiario". Desta forma, a nova lexislación rompeu co principio fundamental de Universalidade do Sistema Nacional de Saúde. Os efectos desta medida teñen sido devastadores sobre a poboación máis vulnerable, tal como foi documentado ao longo dos últimos anos por diversas organizacións sociais. Algúns informes recentes advirten dos numerosos casos en todo o territorio español de persoas que viron vulnerado o seu dereito humano á saúde, como consecuencia da exclusión sanitaria. Neste senso a área sanitaria de Galicia no é unha excepción e son múltiples os casos de vulneración que nos reportan as organizacións sociais.*

*Xa dende o momento da súa aprobación o Rdl 16/2012 foi contestado dende algunhas autonomías, que rexeitaron a súa aplicación ou proveron mecanismos para evitar que as persoas en situación irregular, fican totalmente fóra do sistema sanitario. Paulatinamente, ao longo de 2015, varios gobernos autonómicos aprobaron Decretos, Instrucións e Ordes que ampliaban substancialmente o acceso ao sistema por parte destas persoas. Estas medidas, aínda que positivas, non foron suficientes para reverter as consecuencias da exclusión sanitaria imposta polo Real decreto-lei 16/2012.*

*En vista da situación anteriormente descrita, faise evidente que o fin definitivo da exclusión sanitaria e a restitución dun sistema sanitario verdadeiramente universal só poden chegar a través dunha modificación lexislativa de alcance nacional.*

*En relación a todo o exposto insta á Xunta de Galicia a:*

- Non aplicación do Rdl 16/2012 no territorio galego*
- Solicitar ao goberno de España da derogación do Rdl 16/2012."*

### Incidencias:

Cando son as 22:02 horas incorpórase ao Salón de Sesión o Concelleiro Sr. Abalo Costa.

A Presidencia dá lectura ao escrito da Plataforma en defensa da Sanidade Pública SOS Sanidade Pública de Cangas, relativa ao PAC de Cangas, que di:

*“Pola Permanencia do Médico e da Enfermeira nas urxencias no PAC de Cangas  
Os abaixo asinantes esiximos á Consellería de Sanidade unha solución á situación do Servizo de Urxencias do PAC de Cangas. Son numerosas as ocasións nas que os veciños/as acudimos ao Servizo e atopamos que non está nin o médico nin a enfermeira para atendernos, debido a que o equipo tivo de desplazarse a outra uxencia fora do PAC.*

*Solicitamos para Cangas unhas URXENCIAS con presenza permanente de persoal dotadas dos medios suficientes con capacidade resolutiva.”*

### DELIBERACIÓNS:

### Incidencias:

---

## Concello de Cangas



**Concello de Cangas**

Cando son as 22:03 horas suspéndese o pleno para que interveña o colectivo afectado.

Cando son as 22:08 horas retómase a sesión plenaria.

**Sr. Sotelo Villar:** pide que se separen as dúas propostas, por un lado o problema das urxencias que van apoiar totalmente e por outro lado a moción relativa ao R.d 16.2012. Pide que as mocións as presentes os grupos políticos e non os colectivos.

Di que en Galicia existe un instrumento como é o programa galego de protección da saúde pública que permite atender a todos as persoas aínda que non teñan regularizada a súa situación desde o punto de vista sanitario. Cre que xa se está a facer o que solicita a moción. Explica que o copago existen en todos os países do noso contorno e ten por obxecto garantir o sostemento do sistema sanitario publico.

Non apoiarán o escrito de SOS porque non é real o que presentan, pero si apoiarán as esixencias respecto do servizo de urxencias.

**Sr. Iglesias Santos:** di que vai apoiar o escrito de SOS e tamén as esixencias no servizo de urxencias. Lembra que o PSOE presentou unha moción nesta mesma materia en setembro de 2015.

**Sr. Gestido Porto:** agradece o traballo da plataforma SOS e di que apoiarán as súas propostas.

**Sr. Abalo Costa:** cre que a intervención do PP foi pouco respectuosa coa plataforma que impulsa este acordo. Considera que se non se adoptan medidas a sanidade pública cada vez será máis precaria.

#### **VOTACIÓN E ACORDO DO ESCRITO DE SOS SANIDADE PÚBLICA:**

**Votos a favor:** 13 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de Cangas Decide).

**Votos en contra:** 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP.

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

#### **VOTACIÓN E ACORDO DO ESCRITO DE SOS SANIDADE PÚBLICA DO PAC DE CANGAS**

O Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente o escrito presentado relativo á permanencia do Médico e da Enfermeira nas urxencias no PAC de Cangas, transcrito anteriormente.

#### **12º.- COMPARECENCIA DO ALCALDE EN RELACIÓN AO VIAL AVDA. DE LUGO-BOUBETA**

O Sr. Alcalde explica que desde que se solicitou a comparecencia falou coa Presidenta da Deputación e co enxeñeiro xefe da obra referida. Aclara que o Concello non ten nada que pagar polo de agora nesta obra. Explicáronlle que se trataba dun problema loxístico da empresa como foi o peche do corredor, a emprea ten contratado o asfalto no Porriño e o traxecto ao estar

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Concello de Cangas**

pechado o corredor leva máis tempo e polo tanto sae máis caro. A empresa contaba con que o corredor abriera o 24 de xaneiro, pero aínda non se abriu. Tanto a Deputación coma o concello comunicaron á empresa que non ían a espera máis polo que parece que contataron o asfalto noutro lugar para poder continuar xa a obra desde o día de onte xoves 26 de xaneiro. A partir da semana que ven iníciarase o asfaltado correspondente e se vai tamén a repintar o tramo xa arranxado.

**URXENCIAS:**

**ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

**A) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CORRECCIÓN DE ERROS NA APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE CICLO INTEGRAL DA AUGA**

A Presidencia dá conta da proposta da Alcaldía do día 26.01.2017, relativa á corrección de erros na aprobación inicial da ordenanza fiscal reguladora da taxa de ciclo integral da auga, que é como segue:

*“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE CORRECCIÓN DE ERROS*

*Advertido erro no acordo plenario adoptado en data 7 de outubro de 2016, relativo á aprobación inicial da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polos servizos vinculados ao Ciclo integral da auga, concretamente no artigo 7, tarifas, cadro non domiciliario, Bloque III, tarifa de abastecemento, de forma que onde di 0,225 debe dicir 1,225.*

*Visto que a rectificación de erros materiais atópase regulada no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que dispón respecto diso que «as Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos».*

*Visto que o erro advertido é unha simple equivocación na transcripción dun número e que o erro se aprecia de forma evidente e tendo en conta exclusivamente os datos do expediente administrativo no que se advirte.*

**PROPOÑO** ao Pleno la adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** *Corrixir o erro advertido no acordo plenario adoptado en data 7 de outubro de 2016, relativo á aprobación inicial da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polos servizos vinculados ao Ciclo integral da auga, concretamente no artigo 7, tarifas, cadro non domiciliario, Bloque III, tarifa de abastecemento, de forma que onde di 0,225 debe dicir 1,225, quedando o cadro da seguinte forma:*

		<b>NON DOMICILIARIO</b>					
		<b>ABASTECIMIENTO</b>		<b>SANEAMIENTO</b>		<b>DEPURACIÓN</b>	
<b>CONSUMO TRIMESTRAL M3</b>		<b>FIXO</b>	<b>VARIABLE</b>	<b>FIXO</b>	<b>VARIABLE</b>	<b>FIXO</b>	<b>VARIABLE</b>
<b>BLOQUE I</b>	< 45		0,3760		0,2000		0,2000
<b>BLOQUE II</b>	DE 46 A 105	12,26	0,6463		0,3878		0,6463
<b>BLOQUE</b>	DE 106 A		<b>1,2250</b>	7,00	0,7875	7,00	<b>1,2250</b>

**Concello de Cangas**





Concello de Cangas

III	300				
BLOQUE					
IV	> 300	1,4000	0,9625		1,4000

**SEGUNDO:** *Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, rectificando o acordo publicado no Boletín núm. 246 de 27.12.2016.*

**Ratificación da inclusión na orde do día e declaración de urxencia:** de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do R.d. 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, o Concello Pleno, por unanimidade, acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

#### DELIBERACIÓNS:

**Sr. Millán Blanco:** considera que non é unha corrección de erros senón unha modificación da ordenanza, xa que o erro xa estaba no acordo de aprobación inicial, polo que cre que é necesario un procedemento diferente que sería a declaración de lesividade e cre que se está a aplicar de forma retroactiva un acto lesivo para os administrados. Cre que se está a incumprir un principio xeral de dereito. Considera que se está a meter nun problema complexo que de forma similar xa viviu o Concello de Bueu. Sinala que o PP non se meteu no tema do imposto de vehículos onde tamén se meteu a pata porque se tomou como referencia ao computar período de exposición a data de publicación no BOP, pero non se tivo en conta que o anuncio no Faro de Vigo foi posterior.

**Sr. Gestido Porto:** di que o 13.01.2017 presentou un escrito relativo a este problema, tanto respecto ao erro na tarifa coma unha segunda cuestión relativa aos beneficios fiscais.

**Sr. Alcalde:** di que a cuestión dos beneficios fiscais para ser resolta require da elaboración duns informes técnico-económicos. Aclara que neste punto se está a tratar a corrección de erros na tarifa da auga.

**Sr. Millán Blanco:** pregunta se esta corrección non afecta á aprobación definitiva.

**Sra. Secretaria:** explica que o erro só aparece reflectido no acordo de aprobación inicial e no anuncio publicado no BOP, no acordo plenario de aprobación definitiva unicamente se trataron a estimación ou desestimación das alegacións presentadas. Aclara que o procedemento de nulidade ou anulabilidade dunha disposición normativa e moi excepcional e neste expediente non se dan os supostos legais polos que procedería tal anulación. Indica que se trata dun suposto claro de corrección de erros posto que da documentación que sustenta o expediente se evidencia de forma clara o erro e así o confirmou o Interventor.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

**Votos a favor:** 13 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, 1 do PSG-PSOE e 1 de Cangas Decide).

**Abstencións:** 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP.

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

## **B) MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS DOS GRUPOS DE GOBERNO, S/ A RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DA ZONA DO CASTRO DE MONTEALEGRE.**

A Presidencia dá conta da moción conxunta dos grupos de goberno do día 27.01.2017, relativa á solicitude de apoio da plataforma “Salvar o Castro de Montealegre”, para a recuperación e posta en valor do castro, que di:

*“Os grupos municipais asinantes:*

*Visto o escrito de D. Rafael Oliveira Souto, en nome da plataforma recentemente formada “SALVAR O CASTRO DE MONTEALEGRE”*

*Visto que a ampliación e conversión do corredor do Morrazo en Autovía do Morrazo vai causar un impacto no contorno próximo planteando unha nova afección o Castro de Montealegre, xa ferido na súa primeira intervención cando se trazou esa rúa actual se ter en conta a súa catalogación*

*Propoñen ao Pleno da Corporación:*

*1.-Un pronunciamento solicitando á Xunta de Galicia a modificación do proxecto presentado para a ampliación do corredor actual no traxecto que afecte á zona do Castro de Montealegre.*

*2.-Solicitar á Xunta de Galicia a eliminación do segundo túnel proxectado na ampliación do corredor e que o custo que tería a realización do novo túnel sexa destinado á posta en valor deste monumento.”*

**Ratificación da inclusión na orde do día e declaración de urxencia:** de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do R.d. 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, o Concello Pleno, por unanimidade, acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

### **DELIBERACIÓNS:**

**Sr. Iglesias Santos:** di que non pudo estudar o asunto debidamente polo que pide que se evite traer estes asuntos por urxencia.

**Sr. Sotelo Villar:** cre que houbo tempo de estudar este proxecto pero que neste momento a proposta que se trae por urxencia non ten sentido. Considera que unha obra desta embergadura non pode ser modificada a estas alturas. Lembra que estamos ademais a falar dun castro que está noutro termo municipal. Repite que a estas alturas non é posible modificar o proxecto, considera que o pedimento é extemporáneo. Votarán en contra.

**Sra. Giráldez Santos:** cre que a protección do patrimonio galego é de todos os galegos independentemente de onde estea ubicado.

**Sr. Abalo Costa:** di que apoiarán a proposta.

**Sr. Gestido Porto:** di que o escrito foi presentado o 17.11.2017, polo que non entende por que ven coma urxencia. O patrimonio é de todos, pero ás veces a forma de traer as cousas a Pleno dificulta chegar a un acordo. Votará a favor

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

## **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 13 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, 1 do PSG-PSOE e 1 de Cangas Decide).

**Abstencións:** 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP.

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

## **C) REPROBACIÓN ANDRÉS GARCÍA BASTÓN**

O Sr. Gestido Porto explica a proposta urxente.

**Ratificación da inclusión na orde do día e declaración de urxencia:** de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do R.d. 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, o Concello Pleno, cos votos a favor do membros presentes do PP, os votos en contra dos membros presentes dos grupos municipais BNG, ASPUN e ACE e a abstención do membro do PSG-PSOE, acorda a non declaración da urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

## **13º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon na sesión.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión do que como secretaria dou fe.

Documento asinado electronicamente á marxe.

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850